



## EDUEMPRENDE AVANZA 2013

O plan de emprendemento **EDUEMPRENDE** ten como finalidade o fomento do espírito emprendedor e as iniciativas empresariais, no sistema educativo de Galicia. Para acadar este obxectivo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria organiza un seminario dirixido ao alumnado con calidades emprendedoras onde se recibe formación práctica de como concretar e deseñar un plan de empresa e se facilita a oportunidade de acceder aos viveiros de empresa, cando existen posibilidades reais sobre a viabilidade do proxecto.

### Que é o programa Eduemprende Avanza

**Eduemprende Avanza 2013** é unha formación práctica e específica de como concretar e materializar un posible modelo de negocio, idea ou proxecto de empresa. No seu desenvolvemento realizaranse talleres sobre os aspectos máis importantes do plan de empresa, claves para posicionarse no mercado ou como poñer en marcha as iniciativas do alumnado participante. Así mesmo informarase sobre as posibilidades de participar na rede de viveiros de empresa dos centros educativos de Galicia.

### Obxectivos

- 1} Detectar alumnado con inquedanzas emprendedoras e/ou interese en materializar un posible modelo de negocio innovador para levar a cabo e a súa posta en marcha con garantías de éxito
- 1} Poñer en contacto aos futuros emprendedores/as con iniciativas empresariais, favorecendo o intercambio de inquedanzas e experiencias.
- 1} Coñecer os recursos que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten a disposición do alumnado.
- 1} Coñecer o potencial que ofrecen os viveiros de empresa dos centros educativos para poñer en funcionamento unha empresa.



1 Coñecer os recursos que o IGAPE ten a disposición do alumnado.

### Quen pode participar

O programa **Eduemprende** Avanza está dirixido a:

- Alumnado de ciclos formativos de formación profesional, ensinanzas artísticas, ensinanzas deportivas ou bacharelato matriculado nun centro educativo sostido con fondos públicos.
- Persoas que finalizaron os seus estudos de calquera destas ensinanzas nos derradeiros 4 anos.

### Lugar de celebración

A celebración do programa terá lugar nos centros educativos da rede de viveiros de empresa dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sen prexuízo de que algunha sesión se poida organizar noutro centro educativo do ámbito de influencia do viveiro.

Rede galega de viveiros de empresas en centros educativos	
LOCALIDADE	CENTRO
A Coruña	CIFP Ánxel Casal
Ferrol	CIFP Rodolfo Ucha
Santiago	CIFP Politécnico de Santiago
Lugo	CIFP Politécnico de Lugo
Ribadeo	CIFP Porta da Auga
Ourense	CIFP Portovello
Pontevedra	IES Luís Seoane
Ponteareas	CIFP A Granxa
Vigo	CIFP Manuel Antonio



## Temporalización das xornadas

O programa **Eduemprende** Avanza desenvolverase no último trimestre do ano (entre outubro e decembro).

O contido do programa divídese en tres fases, que son as seguintes:

- Primeira fase: Posicionamento da idea/modelo de negocio. Versará sobre a exposición dos diferentes modelos de negocio das persoas participantes e definición das claves para a súa concreción.

O seminario realizarase fóra das horas de clase, en horario de tarde.

Duración: 6 horas. Dúas sesións de 3 horas a desenvolver por técnicos do IGAPE

Sesión 1: Plantexamento de iniciativas

Sesión 2: Concreción do modelo de negocio

- Segunda fase: Taller de posta en marcha

Esta fase desenvolverase co titor do viveiro e/ou coordinador de emprendemento do centro educativo, co asesoramento do IGAPE. As datas e a duración da mesma acordaranse entre as partes, segundo o modelo de negocio de que se trate.

- Terceira fase: Posibilidade de incorporación á rede de viveiros de empresa en centros educativos para a posta en marcha do modelo de negocio.



## Coordinación do programa

O programa será coordinado dende a Subdirección Xeral de Formación Profesional a través da asesoría de emprendemento que se encargará de:

- ‡ Elaborar a convocatoria e consensala cos titores/as e/ou coordinadores de emprendemento dos centros
- ‡ Poñer en funcionamento, en colaboración co IGAPE, a fase de formación.
- ‡ Publicitala nos centros e no portal da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

## Cómo participar?

Se desexa participar en **Eduemprende Avanza** deberá cumprimentar o modelo de solicitude de participación na seguinte ligazón <http://www.edu.xunta.es/fp/programa-eduemprende-avanza-solicitude-participacion>, incluíndo os datos correspondentes a súa idea de negocio.

## Prazo de inscrición

O prazo para cubrir a solicitude de participación estará aberto ata o 17 de setembro de 2013.

## Onde se pode informar?

Pódese obter máis información:





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

- ‡ Na páxina web [www.edu.xunta.es/fp/fp-plus-avanza](http://www.edu.xunta.es/fp/fp-plus-avanza)
- ‡ No enderezo electrónico [fpplus@edu.xunta.es](mailto:fpplus@edu.xunta.es)
- ‡ No teléfono 981 54 65 64